

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de febreiro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e tres minutos do día quince de febreiro do ano dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(120).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 13/2257.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do programa, conformada pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Juana Manuela Rodríguez Fabal. Expte. 13/2257.

2(121).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN, DE GASTO MENOR, REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO MES DE XANEIRO. EXPTE. 12040/331.

Mediante escrito de data 1.02.10, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto e do apartado 4 do acordo da Xunta de Goberno local de data 16.06.08, da conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de xaneiro e que son os que de seguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTI-DA	TIPO EXP.	NºRC	IMPOR-TE	PERCEPTOR	CIF/NIF
12012-331	<i>Reserva de crédito para servizos de transportes lixeiros de mercancías</i>	05/01/10	2230000	servizos	3769	3000	<i>Aquilino Molina Valin</i>	35985317T
12018-331	<i>Suministro e mantemento de colectores hixiénicos na Biblioteca Central para o ano 2010</i>	05/01/10	2210800	Servizos	1864	453,96	<i>Linorsa S.A.</i>	A36621464
12026-331	<i>Edición do material gráfico/publicitario e a súa distribución das exposicións organizadas na Casa das Artes e Casa Galega da Cultura</i>	14/01/10	2260801	Subministro	1853	20799,94	<i>Palacios Publicidad S.L.</i>	B36663052
12027-331	<i>Rotulación exterior das exposicións programadas para Casa das Artes e Casa Galega da Cultura no ano 2010</i>	14/01/10	2260801	Subministro	1854	17620,4	<i>Juan de Dios Moreno Coll</i>	35903470X
12029-331	<i>Deseño e edición de distinto material gráfico da exposición "Luz Verde" de Román Pereiro Alonso</i>	20/01/10	2260801	Servizos	2872	5279,99	<i>Palacios Publicidad S.L.</i>	B36663052
12030	<i>Produción (montaxe e desmontaxe) da exposición adicada a Román Pereiro</i>	20/01/10	2260801	Servizos	2871	1102	<i>José Manuel Muíños Rodríguez</i>	36130547P

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(122).- AUTORIZACIÓN A CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO O EVENTO DEPORTIVO DENOMINADO "DUATLÓN CROSS MÁMOA DE CANDEÁN" O VINDEIRO DOMINGO 21.02.2010. EXPTE. 9326/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.02.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Lorena García Lago, en nome do Club Triatlón Mar de Vigo, a levar cabo o evento deportivo denominado "DUATLÓN CROSS MAMOA DE CANDEÁN" o vindeiro domingo 21 de febreiro de 2010, comenzando ás 10.30 horas e rematando ás 14.30 horas, a proba terá lugar no Monte do Vixiador e arredores.

4(123).- AUTORIZACIÓN A DELFIN TIME, S.L. A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 28.02.2010 O EVENTO DENOMINADO “FUTBOL PARK DE COCA-COLA” NA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL. EXPTE. 9328/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 92.02.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Delfin Time, S.L., a organizar os vindeiro domingo día 28 de febreiro de 2010 , o evento denominado - FÚTBOL PARK DE COCA-COLA-, na pista de patinaxe de Samil no horario de 11.00 horas a 19.00 horas.

5(124).- CONTRATACIÓN DE UN COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE EXTERNA. EXPTE. 6673/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora do Obradoiro de Emprego Vigo-Ornamental, do 12.01.10, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar-lo réxime excepcional do contrato para a Contratación dun Coordinador de Seguridade e Saúde Externa, de conformidade co previsto nos art. 95 e 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

2º.- Autorizar-lo gasto, consonte o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de 3.535,00 €, (tres mil quinientos treinta y cinco euros) para a contratación dun Coordinador de Seguridade e Saúde Externa, necesario para a execución das obras do Obradoiro de Emprego Vigo Ornamental, “Rehabilitación da antiga Escola Mes- tres Goldar e Acondicionamento de aceras na Avenidas de Europa”, do Concello de Vigo, dependente da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a prol de D. PABLO COELLO PARDO, con DNI núm. 36140923B, con cargo á partida.3220 2270600 “Estudos e traballos técnicos” do vixente orzamento municipal.

3º.-En ningún caso a execución desta Resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto de contrato (art. 74 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público), entendéndose que os expedientes deben abarcar a totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.

6(125).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 6904/306.

Mediante providencia de data 9.02.10, a concelleira-delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, en cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, da conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Medio

Ambiente nos meses de novembro e decembro de 2009 e que son os que de seguido se relacionan:

- 6791-306. Suministro de materias varios para reparación e mantemento.
- 6816-306. Xestión e tratamento de residuos solidos urbanos.
- 6821-306. Proxecto para o incremento da biodiversidade na vexetación e recuperación dunar.
- 6858-306. Adquisición de libros, suscripción e publicacións.
- 6848-306. Recopilación e revisión da documentación da Axenda 21 Local.
- 6851-306. Realización dun campaña sensibilización e información ambiental.
- 6846-306. Estudio e caracterización dos humidais de Goberna, Bouza e Vao.
- 6845-306. Realización dun proxecto de xestión do ruído industrial.
- 6844-306. Adquisición de cuatro motocicletas para patrulla da policía local medioambiental.
- 6847-306. Estudio do balance do CO2 no municipio de Vigo.
- 6852-306. Xestión de residuos sólidos urbanos abandonados en montes e vías.
- 6853-306. Traballos de mantemento e reparacións varias na caneira municipal.
- 6854-306. Obras para realización de traballos de mantemento na caneira municipal.
- 6860-306. Atencións protocolarias.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(126).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA Ó PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “XOIAS DA COLECCIÓN ALVAREZ. ESPLENDOR CERÁMICO EN VIGO”. EXPTE. 3905/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 9.02.10, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 200 catálogos, dos 500 editados co gallo da exposición “XOIAS DA COLECCIÓN ÁLVAREZ. ESPLENDOR CERÁMICO EN VIGO” a un prezo unitario de venda ó público de NOVE (9) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio.

8(127).- ABONO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. ALFONSO BERROS PÉREZ. EXPTE. 60513/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 25.01.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ao funcionario D. Alfonso Berros Pérez, nº de persoal 78966, Enxeñeiro Técnico Industrial, adscrito a Área de Servizos Xerais un complemento de produtividade por importe de 5446,69€, importe calculado en función do importe mensual do C.E. do posto

71 TECNICO MEDIO OBRAS PUBLICAS, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 22 de abril de 2009, polo período comprendido entre o 27 de abril ao 31 de decembro de 2009.

2º.- Aprobar e comprometer a favor do funcionario D. Alfonso Berros Pérez, nº de persoal 78966, Enxeñeiro Técnico Industrial, adscrito a Área de Servizos Xerais o gasto de 5446,69 €, con cargo a la partida 12111500000.

9(128).- ABONO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA Dª BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ. EXPTE. 19580/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 25.01.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar a funcionaria Doña Beatriz Barbara Rodriguez , con número de persoal 79572 e posto de Técnica de Admon xeral pola realización das funcións encomendadas segundo resolución de data 21 de xullo de 2009 do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal no período comprendido entre o 21 de xullo ao 8 de outubro de 2009, correspondería aboar a cantidade de 1709,73 €, con cargo a partida 121.0.1500000 “Productividade”

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1709,73 €, en concepto de produtividade a favor da funcionaria Doña Beatriz Barbara Rodriguez , con número de persoal 79572 e posto de Técnica de Admon xeral con cargo a la partida 12111500000, polo período comprendido entre o 21 de xullo ao 8 de outubro de 2009

10(129).- ABONO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA Dª Mª LUZ GONZÁLEZ DOMINGUEZ. EXPTE. 19540/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 18.01.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar á funcionaria municipal Dª Luz Gonzalez Dominguez, con nº de persoal 23290, Técnica de actividades turísticas adscrita ao Srvizo de Animación Sociocultural, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolución de data 13 de outubro de 2009 no período comprendido dende a data da encomenda ata o 11 de decembro de 2009; complemento retributivo que se fixa na cantidade

de 1465,48€ segundo as vixentes Instrucións sobre Plantilla do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Productividade”.

2º.- Aprobar e comprometer o pago da cantidade de 1.465,48 € en concepto de produtividade a favor da funcionaria D. Luz González Domínguez, co nº de persoal 23290, técnica de actividades turísticas adscrita ao Servizo de Animación Sociocultural com cargo a l apartia 12101500000.

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

11(130).- ABONO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. FRANCISCO JAVIER GUTIERREZ ORÚE. EXPTE. 4453/320

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 25.01.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer á D Francisco J Gutierrez Orue, con número de persoal 13920, un complemento de produtividade por importe de 2100,52 €, importe calculado en función do importe mensual do complemento de destino do posto 36 “Xefe do Servizo de Formacion e emprego, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestion municipal de data 25 de marzo de 2008, polo periodo comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2009.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de **2124,94** € en concepto de produtividade a favor do funcionairo D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627con cargo a la partida 12111500000, polo periodo comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2009.

12(131).- ABONO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE CONDUCTORES-SEGURIDADE DA TENENCIA DE ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19612/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 18.01.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como policias locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traba-

llo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo periodo comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2009:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policia local-seguridad, por importe de 721,02€

D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policia local-seguridad, por importe de 873,20 €

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 721.02 € e 873.20 €, en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142 e D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policia local-seguridad, con cargo a la partida 12111500000, polo periodo comprendido ao 4º trimestre do ano 2009

13(132).- ABONO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS A D. RAMÓN VÁZQUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 11849/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 18.01.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ao empregado municipal con posto de Capataz de mantemento, D Ramon Vazquez Martinez, con n de persoal 16478, adscrito ao Servizo de Cultura, un complemento de produtividade por importe de 2201.63 € euros, pola realización das funcións de apoio técnico, dacordo a sua escala e grupo de titulación, no desenvolvemento das programacións do Servizo, según resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 16 de marzo de 2009, polo periodo comprendido entre o 17 de marzo ao 31 de outubro de 2009.

2º.- Aprobar e comprometer o pago da cantidade de 2201.63 € en concepto de produtividade a favor do empregado municipal D Ramon Vazquez Martinez, , con n de persoal 16478, adscrito ao Servizo de Cultura con cargo a la partida 12101500000.

14(133).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DE ENCOMENDA DE FUNCIONS ÁS FUNCIONARIAS ADSCRITAS Á DIRECCIÓN DE INGRESOS, Dª ANA MARÍA FERNÁNDEZ ARIAS E Dª MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ AREA. EXPTE. 19659/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do decreto do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 8.02.10, polo que resolve o seguinte:

DECRETO

Con data 24 de abril de 2009, a Directora de Ingresos co conforme da Sra. Concelleira-delegada da Economía e Facenda, remite expte. 1018/500/09, ao Servizo de Recursos Humanos, onde pon de manifesto unha serie de circunstancias como consecuencia de cambios na estrutura organizativa dos servizos que dependen da Dirección de Ingresos de forma que a futura estrutura responda a novas formas de traballo derivadas da implantación da Administración Electrónica, xunto con novas fórmulas de relación e comunicación cos cidadáns contribuíntes.

Por isto dadas as necesidades do servizo propónse a encomenda de funcións propias das funcionarias encadrada no subgrupo C1 as funcionarias D^a Ana M^a Fernández Arias, n^o de persoal 79391, e de D^a M^a José Martínez Area, n^o de persoal 21953, administrativas de administración xeral, adscritas á área de Dirección de Ingresos, aos postos de xefatura de negociado vacantes en dita área.

Por continuas causas que motivaron a Resolución de data de 25 de setembro de 2009, solicitábase por parte da Dirección de Ingresos a prórroga de encomenda de funcións a D^a Ana M^a Fernández Arias, con NP 79391, administrativa da Administración Xeral ao posto de traballo de Xefatura de Negociado de Xestión Catastral e a D^a M^a José Martínez Area con NP 21953, ao posto de traballo de Xefatura de Negociado do Imposto sobre Incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE n^o 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, así como o art. 81.3 que establece que en caso de urxente e inaprazable necesidade, os postos de traballo poderán proveerse con carácter provisional debendo procederse á súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D^a Ana M^a Fernández Arias, n^o de persoal 79391, administrativa de administración xeral, adscrita á área de Dirección de Ingresos no Servizo cod. 503-Xestión Catastral Delegada, funcións da Xefatura de Negociado existentes no servizo, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- Encomendar provisionalmente a D^a M^a José Martínez Area, n^o de persoal 21953, administrativa de administración xeral, adscrita á área de Dirección de Ingresos no Servizo cod. 510-Administración de Tributos, funcións da Xefatura de Negociado do Imposto sobre Incremento do valor dos terreos de natureza urbana. posto que figura vacante como consecuencia do traslado da titular do posto, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de

traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Terceiro.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Cuarto.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado as interesadas, concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

15(134).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) CONSTRUCCIONES ANTONIO VARELA VILLAMOR, S.L. EXPTE. 60534/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 3.02.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 12.000 € a favor de Construcciones Antonio Varela Villamor S.L. constituída polo permiso de carga e descarga na vía Teófilo Llorente-Real, 16.

B) HIDROSCIVIL S.L. EXPTE. 1349/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 25.01.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución das fianzas a HIDROSCIVIL, S.L., constituídas en data 5.05.09 para responder das obrigas derivadas do anticipo a conta por acopio de materiais das obras de “humanización do ámbito da rúa Zaragoza”, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
Banco Pastor	00245248	22.755,08 €
Banco Pastor	00245247	25.000,00 €
Caixanova	0132 3000103849	25.000,00 €
Caixagalicia	EUR 560-540-000189/1-34	25.000,00 €
Caixagalicia	EUR 560-540-000189/1-35	25.000,00 €

C) HIDROSCIVIL S.L. EXPTE. 1346/443

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 25.01.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución das fianzas a HIDROSCIVIL, S.L., constituídas en data 5.05.09 para responder das obrigas derivadas do anticipo a conta por acopio de materiais das obras de “humanización do ámbito da rúa Toledo”, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
Caixagalicia	EUR 560-540-000189/1-33	25.000,00 €
Caixagalicia	EUR 560-540-000189/1-32	25.000,00 €
Caja Madrid	11.597.767/29	25.000,00 €
Banco Pastor	00245246	25.000,00 €
Banco Pastor	00245245	25.000,00 €

D) HIDROSCIVIL S.L. EXPTE. 1347/443

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 25.01.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución das fianzas a HIDROSCIVIL, S.L., constituídas en data 5.05.09 para responder das obrigas derivadas do anticipo a conta por acopio de materiais das obras de “humanización do ámbito da rúa Redondela”, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
Caixagalicia	EUR 560-540---00189/1-37	25.000,00 €
Caixagalicia	EUR 560-540-000189/1-36	25.000,00 €
Banco Pastor	00245235	25.000,00 €
Caixanova	0132 3000103818	25.000,00 €
Caixanova	0132 3000103832	13.081,36 €

E) HIDROSCIVIL S.L. EXPTE. 1348/443

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 25.01.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución das fianzas a HIDROSCIVIL, S.L., constituídas en data 5.05.09 para responder das obrigas derivadas do anticipo a conta por acopio de materiais das obras de “humanización da rúa Urzáiz (entre Gregorio Fernández e Gregorio Espino)”, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
Banco Pastor	00245236	11.101,68 €
Caixanova	0132 3000103801	25.000,00 €
Caixanova	0132 3000103793	25.000,00 €
Caixagalicia	EUR 560-540-000189/1-38	25.000,00 €
Caixagalicia	EUR 560-540-000189/1-39	25.000,00 €

16(135).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HARMONIZACIÓN DO ENTORNO POVISA. FASE 2 (RÚAS REGUEIRO E TARRAGONA)”. EXPTE. 1256/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da OSPIO e do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 1.02.10, que di o seguinte:

Obra: HARMONIZACIÓN DO ENTORNO POVISA. FASE 2 (RÚAS REGUEIRO E TARRAGONA)

Localidade e situación: RÚAS REGUEIRO DE TARRAGONA

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DON SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: MOVEXVIAL, S.L.

Coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DON SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN

Autor do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DON SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN

Autora do plan de seguridade e saúde no traballo: MOVEXVIAL, S.L., DNA. BEATRIZ FERNÁNDEZ ESTÉVEZ

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL) Titulación: ENXEÑEIRO DE MINAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HARMONIZACIÓN DO ENTORNO POU-SA. FASE 2 (RÚAS REGUEIRO E TARRAGONA) .*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria MOVEXVIAL, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(136).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA AMPLIACIÓN DE CALZADA E RECOLLIDA DE PLUVIAIS NA RUA BAIXADA A IGREXA E CAMIÑO FREIXEIRO. EXPTE. 1186/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da OSPIO e do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 10.02.10, que di o seguinte:

Obra: AMPLIACIÓN DE CALZADA E RECOLLIDA DE PLUVIAIS NA RÚA BAIXADA A IGREXA E CAMIÑO FREIXEIRO

Localidade e situación: FREIXEIRO, CONCELLO DE VIGO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN VICENTE ALBÍN NÍGUEZ E O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: HIDROSCIVIL, S.L.

Coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Autor do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN VICENTE ALBÍN NÍGUEZ E O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Autora do plan de seguridade e saúde no traballo: HIDROSCIVIL, S.L., DNA. BEATRIZ MARÍN FREIJEIRO

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ÓSCAR PEREIRO TAIBO (CLIMELAB) Titulación: ARQUITECTO TÉCNICO

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra AMPLIACIÓN DE CALZADA E RECOLLIDA DE PLUVIAIS NA RÚA BAIXADA A IGREXA E CAMIÑO FREIXEIRO .*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adjudicataria HIDROSCIVIL, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(137).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS DA AVDA. STA. MARINA. FASE 2.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da OSPIO e do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 1.02.10, que di o seguinte:

Obra: CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS DA AVD. STA. MARINA. FASE 2

Localidade e situación: AVD. SANTA MARINA, CABRAL - VIGO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN V. ALBÍN NÍGUEZ E ENXEÑEIRO T. DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: HIDROSCIVIL, S.L.

Coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN V. ALBÍN NÍGUEZ E ENXEÑEIRO T. DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Autor do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. JUAN V. ALBÍN NÍGUEZ E ENXEÑEIRO T. DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS V. VILAR MONTORO

Autora do plan de seguridade e saúde no traballo: HIDROSCIVIL, S.L., DNA. BEATRIZ MARTÍN FREIJEIRO

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO Titulación: ARQUITECTO TÉCNICO

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS DA AVD. STA. MARINA. FASE 2 .*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria HIDROSCIVIL, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

19(138).- PRÉSTAMO TEMPORAL DE OBRAS DO AUTOR ARTURO SOUTO FEIJOO Á ENTIDADE “UNIVERSITAT DE VALENCIA. VICERRECTORAT DE CULTURA” PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL “EL ARTE ESPAÑOL EN EL EXILIO 1939-1960”. EXPTE. 3882/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 10.02.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Patrimonio Histórico e presidente da Xunta reitora do Museo municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o préstamo temporal das obras da colección de arte do museo municipal de Vigo Quiñones de León”: Arturo Souto Feijoo: Mariñeiros e nús. Nº INV: 174 e Muller núa. Nº INV: 202, á entidade UNIVERSITAT DE VALENCIA. VICERRECTORAT DE CULTURA; para a súa exposición temporal “EL ARTE ESPAÑOL EN EL EXILIO. 1939-1960”, a celebrar entre o 25 de febreiro e o 25 de abril de 2010 en; EDIFICIO LA NAU. CENTRO CULTURAL DE LA UNIVERSITAT DE VALÉNCIA.

2º.- O préstamo deberá realizarse conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; previa restauración da obra segundo proxecto relacioando no anexo adxunto.

3º.- Dar coñecemento do préstamo á Xunta Reitora do museo municipal na primeira xuntanza que se convoque.

20(139).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.